XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

**Asunto**: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 22 de xaneiro de 2024, polo que se resolve a denuncia do representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE contra a Xunta de Galicia por unha posible infracción dos artigos 50 e 53 LOREX.

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

## Antecedentes

1. O 17 de xaneiro de 2024, o representante xeral do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdG-PSOE), formaliza unha denuncia sobre a aparición en distintos medios de comunicación da presentación das obras do hotel situado en Cabo Silleiro e solicitando o correspondente procedemento sancionador.

2. O 18 de xaneiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselle á Xunta de Galicia e ao Partido Popular copia da denuncia, aos efectos de formular alegacións.

3. Cumprindo trámite concedido, formularon alegacións o Partido Popular con data 19.01.2024 (RE 286) e a Xunta de Galicia con data 19.01.2024 (RE 295) .

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Do escrito de denuncia presentado non se desprende que se tivesen producido as vulneracións do artigo 50.2 e 50.3 da LOREX ás que se alude na denuncia presentada e nas que se pretende fundamentar a incoación dun expediente sancionador, xa que hai unha manifesta ausencia de concreción dos feitos denunciados, coa conseguinte falta de acreditación das vulneracións de referencia. Non se detallan comportamentos no curso dos feitos descritos, nas se fixesen alusións a unha realización ou logro, tanto máis canto a obra visitada, segundo a propia denuncia, era promovida polo sector privado. Trátase, xa que logo, dunha visita do Sr. presidente da Xunta de Galicia a unha obra en execución por unha empresa privada nun espazo físico competencia do Estado e da que non se desprende unha connotación electoralista.

Consecuentemente, adóptase o seguinte

## ACORDO

O arquivo da denuncia.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central,

que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 10:00 horas do próximo día 25 de xaneiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo: xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal